PROGRAMACIÓN

*1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

CURSO 2021-22

*CEIP PLURILINGÜE MANUEL BERMÚDEZ COUSO-(POBRA DE TRIVES)*

TITORA: Mª JOSÉ RIOZ GONZÁLEZ



## ÍNDICE


1. **LEXISLACIÓN VIXENTE.**
2. **INTRODUCIÓN**
   Elementos do currículo e áreas curriculares .
3. **OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA .**
4. **CONTEXTUALIZACION. O CENTRO E O GRUPO DE ALUMNOS/AS.**
5. **TEMPORALIZACIÓN.**
6. **METODOLOXÍA** .

- Metodoloxía activa e participativa
- Organización do espazo e agrupamento
- Organización das sesións
- Educación en valores
- Elementos transversais do currículo
- Medidas de apoio e reforzo educativo e atención á diversidade
- Medidas previstas para estimular o interese e o hábito da lectura e da mellora da expresión oral e escrita
- Materiais e recursos
- Actividades complementarias e extraescolares

7.- **OBXECTIVOS ,CONTIDOS, ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN ,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE , E COMPETENCIAS CLAVE /PERFIL COMPETENCIAL**)

- A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
- A ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- A ÁREA DE MATEMÁTICAS
- A ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS
- A ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS .
- A AREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA : MÚSICA. E PLÁSTICA (ARTS AND CRAFTS)
- A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.
- A ÁREA DE INGLÉS
- A ÁREA DE RELIXIÓN

Estas últimas catro áreas contemplánse na programación dos especialistas asignados.

8.-**AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**
**9.-. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**
**10. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**
**11.-CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PLAN DE IGUALDADE**
**12.- A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A FUNCIÓN TITORIAL**
**13.- PROCEDIMIENTOS PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO.**

**14.- MEDIDAS ADOPTADAS NA AULA . PROTOCOLO DE ATENCIÓN EN CASO DE CONFINAMIENTO OU PECHE PRESENCIAL**

## 1.- **LEXISLACIÓN VIXENTE**

As leis polas que se vai redatar esta programación para primeiro de primaria son as seguintes:

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria. DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia.

## 2**. INTRODUCIÓN**

***Elementos do currículo***

Conforme estipula o Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.Dacordo coas definicións recollidas no artigo 2.1 do citado real decreto e conforme ó disposto no artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, o currículo estará integrado polos seguinteselementos:

- Competencias: Son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios da etapa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
    - Comunicación lingüística .
    - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
    - Competencia dixital .
    - Aprender a aprender
    - Competencias sociais e cívicas .
    - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor .
    - Conciencia e expresións culturais .

- Obxectivos: logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar esta etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe planificadas para iso.

- Contidos: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen á adquisición das competencias e ao logro dos obxectivos da etapa educativa. Os contidos organízanse en áreas.

- Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe dos alumnos. Describen o que se quere valorar e o que os alumnos deben lograr tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada área.

- Estándares de aprendizaxe avaliables: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumno debe comprender e saber facer en cada área. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

- Metodoloxía didáctica: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos.

***Áreas curriculares***

A Educación Primaria organízase en áreas que teñen carácter global e integrador. De conformidade co establecido na Educación Primaria as materias agruparanse en tres bloques: materias troncais, materias específicas e materias de libre configuración autonómica.

O alumnado de 1º cursará as seguintes áreas do bloque de materias troncais

a) Ciencias da Natureza.
b) Ciencias Sociais.
c) Lingua castelá e literatura.
d) Matemáticas.
e) Primeira lingua estranxeira.

Do bloque de disciplinas específicas, os alumnos e as alumnas deben cursar as seguintes áreas:

a) Educación física.
b) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a titoría legal.
c) Educación artística. (ARTS AND KRAFTS E MÚSICA)

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

## 3. **OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA**

A educación primaria contribuirá ao desenvolvemento nos nen@s das capacidades que lles permitan :

a) Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, aprender a obrar dacordo con elas , prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar

os dereitos humanos , así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo /a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolver con autonomía no ámbito familiar doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, edesenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir polo menos unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresarse , comprender mensaxes sinxelas e desenvolver situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención

dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 4.- **CONTEXTUALIZACIÓN, O CENTRO E A AULA.**

Esta programación vaise levar a cabo no CEIP plurilingüe Manuel Bermúdez Couso, nunha zona rural de alta montaña da nosa comunidade, conta cunha poboación aproximada de 2,000 habitantes aproximadamente e as familias adicánse boa parte deles a actividades agrícola-ganaderas e á construcción, sendo uns poucos os que están no sector servicios, a industria apenas existe e bastantes deles desprázanse a diario ó núcleo de poboación mais grande, a media hora , por motivos de traballo. Todo iso tereino en conta para conectar a aprendizaxe dos alumnos coa realidade na que se atopan.

***O perfil cultural da miña aula*** é dispar, o que non é obstáculo para que as expectativas e aspiracións dos pais respecto os seus fillos sexan altas, en particular na miña aula , colaboran e comparten as súas inquedanzas respecto a educación dos seus fillos/as. Hai distintas velocidades e iso reflíctese nas posibilidades de actuación dentro da aula pola miña parte, para poder dar a cada neno/a o que necesita segundo o seu ritmo de aprendizaxe, sendo preciso facer unha ensinanza individualizada aínda que haxa períodos de traballo conxunto.

O centro conta con 9 unidades , 3 unidades de EI, e 6 de EP.

Entre as súas ***instalacións*** exteriores conta cun patio cuberto con canastras e outro ao aire libre con porterías, dentro diste hai unha subdivisión en forma de arenero para EI. e dentro dos patios cubertos hai tamén unha subdivisión para infantil. No referente ós espazos ten aula de inglés, apoio, música, biblioteca, plástica, ximnasio, salón de actos, aula de audiovisuais e informática –internet,e aula de orientación. Conta co servicio de comedor e de transporte escolar que utiliza un 90% do meu alumnado. E conta tamén co servicio e acceso de minusválidos.

No tocante ós ***tempos*** o centro ten xornada partida concretamente de 9,45 a 13,45 e de 15 a 16 horas, cun recreo matinal de trinta minutos de 11,30 á 12,00, ademais eu conto cunha hora semanal de titoría , os luns, aínda que doto a estas de a maior flexibilidade posible tendo en conta as peculiaridades laborais dos pais/nais dos meus nenos e nenas, que vaime axudar a mellorar o contacto coas familias.

Dentro da aula contamos cos especialistas de:

.- Inglés , tres días en tres sesións .
.- Educación física que ven en dúas sesións.
.- Relixión unha hora semanal.
.- Educación musical que ten unha hora semanal.
.-Educación plástica en lingua inglesa, asociada ao plurilingüismo. Arts and Krafts, nunha hora semanal.

O resto das asignaturas troncais están distribuídas no horario acorde ás horas que decreta a normativa (linguas, matemáticas, sociais e naturais)

No meses de Setembro e xuño ,por razóns pedagóxicas , a xornada poderase reorganizar ,dacordo a isto axustarei as miñas actividades o novo horario. De feito queda da seguinte maneira de 9.15 a 14,00 horas tendo os nenos o comedor e os deprazamentos do transporte a continuación.

*Os* ***recursos humanos*** do centro formano 9 mestres/as titores/as, 3 de EI e 6 de EP mais os especialistas de , EF, inglés, PT,e contamos coa figura da orientadora, a mestra de AL a especialista de música e co mestre de relixión . Deles dentro da nosa aula conto coa axuda, por mor das características do grupo e individuais , coa mestra de AL e coa mestra de PT.Ademáis contamos dentro do persoal non docente cociñeiros, conserxe e persoal de mantemento e limpeza.

Según o exposto no *D 374/1996 do 17 de outubro e a orde do 22 de xullo do1997*os órganos de gobernodo centro fórmano o equipo directivo formado a súa vez por a directora, a xefa de estudios e o secretario

Os ***órganos de participación*** no control e xestión do centro son o claustro de profesores/as, ,e o consello escolar do que formo parte.

E o órgano de coordinación docente é o equipo de nivel e cada titor/a co resto de especialistas que comparten docencia na súa aula, , equipo de normalización lingüística, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de actividades complementarias e extraescolares e equipo de biblioteca. Tamén hai que sinalar que procuramos estar dentro dos equipos todos , tanto de biblioteca (PLAMBE) e N ormalización, pois as actividades que se programan durante o curso requiren da colaboración conxunta de todos/as.

O centro conta co equipo de orientación que por circunstancias de dispersión da población, ten o seu centro base neste atendendo así a outros incompletos da zona, este está composto pola xefa do departamento, as mestras de de PT E AL , tamén conta coa colaboración do CFR da zona.

Según o exposto na *orde do 17 de marzo do 2007*, non se realizará ningún tipo de discriminación por razón de raza, ideoloxía, moral, sexo ou calquera outra razón na admisión dos alumnos/as, valorando asi a igualdade.

***O grupo*** en concreto está formado por 11 nenos/as... Segundo a avaliación inicial que fixen durante o mes de setembro , constato a diversidade de evolución dos mesmos, tendo nenos/as con desigual desenvolvemento e autonomía na aprendizaxe , algo por outro lado normal tendo en conta o seu paso dende a educación infantil á educación primaria., considerando neste caso fundamental a colaboración estricta e continua coas familias dos mesmos., dotándoa da maior flexibilidade en función das súas necesidades.

No meu grupo en concreto e na atención á diversidade conto coa axuda da especialista de AL para o tratamento de nenos con dificultades na fala , dislalias e prevención e tratamento de posibles dislexias e tamén coa mestra de PT para o reforzo en concreto dunha nena que repite este curso e que ten unha situación familiar especial.

No tocante ***a lingua*** a falar na aula, atendendo ás disposicións vixentes dacordo ó traballo nas dúas linguas cooficiais da nosa comunidade e en prol do seu desenvolvemento equilibrado ,a lingua galega será a lingua vehicular para as asignaturas de lingua galega, , e ciencias naturais e sociais sendo lingua castelá, para lingua castela e matemáticas.

Eu en concreto imparto matemáticas, lingua, lengua e naturais . Neste ano , por mor da atención á biblioteca, da que son coordinadora entra na aula unha mestra a dar a asignatura de ciencias sociais ,estando nesas horas coordinando actividades relacionadas coa biblioteca e o PLAMBE ,no que estamos xa por sexto ano consecutivo.

## 5.-**TEMPORALIZACIÓN**

A organización do tempo contémploa desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporalización, e a elaboración dun horario de actividade docente, no que se contemplan as restantes actividades organizativas do centro. En consecuencia, terei en conta as horas de dedicación ao traballo nas distintas áreas, primando neste curso, polo peso que conlevan,as linguas e as matemáticas .
No tocante ao horario cos alumnos/as e nas horas de dedicación ao traballo docente:

- ✓ Coordinación de niveis.: Normalización, ccp e extraescolares.
- ✓ Atención a pais.
- ✓ Acción titorial.
- ✓ Os grupos de traballo : PLAMBE e plan de convivencia

Os tempos de traballo cos diferentes bloques de contidos e a consecución das competencias veranse reflectidos nas programacións de aula de cada área.

Está a disposición do equipo directivo o horario espello pertinente no caso de necesidades por mor da situación sociosanitaria

## 6. **METODOLOXÍA**

As competencias do currículo para a aprendizaxe permanente deberán estar integradas nos elementos curriculares. A miña acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes dos alumn@s, e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

Este ano , seguiremos tendo en conta as circunstancias sociosanitarias nas que nos atopamos e manteremos a aplicación do protocolo no uso dos espazos do centro escolar, e dentro da aula continuaremos traballando como grupo burbulla no que as intercaccións poderan ser máis fluídas, puidendo así dinamizar o proceso de ensinanza aprendizaxe. O seguimento das actividades seguirá sendo o Aula virtual no caso de necesidade, no que se inclúe o blog de aula dende o cal traballamos na aula, e fora da aula. Aínda na ausencia de confinamentos trataremos de que se convirta un referencte para eles perfectamente compatible coa vida de aula..

O equipo docente interrelacionará os contidos das áreas cun enfoque globalizador, e abordará os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na

súa totalidade, garantindo, en todo caso, a súa conexión coas necesidades e características dos alumnos/as.

Así mesmo, a intervención educativa contempla como principio a diversidade dos mesmos/as, poñendo especial énfase na atención personalizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe, a realización de diagnósticos precoces e a posta en práctica de mecanismos de apoio e reforzo para previr e, no seu caso, intervir tan pronto como se detecten estas dificultades, como así se está a facer.

Por todo iso teremos en conta as seguintes recomendacións de metodoloxía didáctica:

1. Deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos/as avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

2. Promover que os alumnos/as sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.

3. Fomentar a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos/as.

4. Deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.

5. A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.

6. Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos/as co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo. Sobre todo tendo en conta que teño a axuda do equipo docente para realizalas.

7. Procuraremos organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.

8. O espazo se organizará en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos/as nas actividades da aula e do centro.

9. Seleccionaremos materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

***Metodoloxía activa e participativa***

O alumno/a ocupa un lugar central no seu proceso de ensino-aprendizaxe. É o alumno/a o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe mediante propostas nas que recorra a materiais manipulables para descubrir contidos, a través da toma de

decisións, cooperación…

Entre estas propostas destacan a aprendizaxe partindo da manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.

- Aprendizaxe partindo da manipulación: de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.

- Aprendizaxe cooperativa: propoñer actividades que propicien a interacción da persoa e do grupo co medio, coas familias , docente..

- Atención ás intelixencias múltiples: Adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao alum@s flexibilidade e creatividade á hora de enfrentarse a novos retos e situacións, adecúandose ao xeito de aprender de cada alumno/a

- Aprender a pensar O obxectivo final é a aprendizaxe real, significativa, e transferible a outras facetas da vida cotiá

***Organizacióndo espazo e agrupamentos***__________________________

En función do momento e da necesidade, os alumnos/as poderanse dispoñer de distintos modos, dado que este ano seguimos a traballar como grupo burbulla poderermos flexibilizar ditos agrupamentos na aula, tendo en conta tamén que o grupo de alumnos non é numeroso. Así se poderá traballar en pequenos grupos, parellas ou individualmente según as circunstancias o requiran. Non obstante se buscarán grupos de referencia mantendoos no tempo por mor da situación.

**Organización das sesións na miña aula**.____________________________

A metodoloxía proposta parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1. Fase de activación: orientada a captar a atención do alumno/a e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.

2. Fase de dinamización: momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno/a-alumno/a, alumno/a-mestra/e.

3. Fase de reflexión: vinculación entre o contido traballado e a realidade.

***Educación en valores no grupo***___________________________________

Ao longo de todas as unidades didácticas vanse trabállar valores relacionados coa axenda 2030 e os obxectivos do milenio ,tendo como prioridade traballar a concienciación dun medio ambiente saudable, de valores de solidaridade respecto e empatía nunha sociedade cambiante e cada vez maís individualista e competitiva e valoración das desigualdades desenvolvendo actitudes reais contra a discriminacion. Así como educando para un consumo responsable.

Desta forma trataremos de conseguir persoas con sentido crítico e conciencia moral, que exprese as súas emocións e ten en conta as dos demáis e comprométese coa xustiza e os dereitos humanos dun xeito responsable nunha sociedade plural.

***Elementos transversais do currículo***______________________________

En todas as áreas curriculares trataranse de traballar os seguintes elementos transversais:

a) ***A comprensión lectora*** . Moi importante para o bo funcionamento de todas as demais, farase fincape na comprensividade e nos tipos de textos sinxelos

b) ***A expresión oral e escrita*** . Tanto na produción de palabras e frases ou debuxos que traballamos a través das actividades programadas (traballando coa biblioteca e o seu block de contos), como na creación de grupos de discusión e debate sobre cuestións que vaian aparecendo. Moi importante neste senso é a aceptación e cumplimento das normas de aula e das do centro, así como o respecto ás opinións e ideas dos demais. Dita expresión seguirase traballando e o obxectivo é que ao final de curso sexan capaces de producir un texto sinxelo.

c) ***A comunicación audiovisual*** . Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación e desenvolver o sentido crítico e a capacidade creativa .

d) ***As Tecnoloxías da Información e a Comunicación . As TIC***

.As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. e teñen un valor engadido para o ensino.A incorporación das TICs na aula contempla dúas vías de tratamento complementarias:
.- Ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre o seu manexo.

.- Recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.

Dentro da nosa aula, será a través do blog de aula e da pizarra dixital .

e) ***O emprendemento é un valor novo no que se pon moito énfase coa nova lei educativa , as TAC.***

.-Que adquiran estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que pregunta.
.-Realizar exercicios de creatividade colectiva que permita idear un novo produto ou servizo capaz de resolver unha necesidade cotiá. Ser capaz de xustificar a súa necesidade de creación e o seu uso.

.-Aprender a equivocarse e ofrecer respostas propias.

.- Ser capaz de traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos e colaborar no ser só un mero axente pasivo.

f) ***A educación cívica e constitucional***

O Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo, igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito á educación, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.

***Medidas de apoio e reforzo educativo*__________________**

Ao abeiro do establecido nos artigos 9.1 e 9.6 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do mais ordinario ó mais extraordinario, das situacións mas normalizadoras ás menos normalizadoras.
As medidas de atención a diversidade adoptadas aparecen reflexadas no Plan de Atención a Diversidade.
Programaranse actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o precisen.
Contaremos sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas e orientacións sobre as medidas a tomar nos diferentes casos.

No caso particular da miña aula , unha vez feita a avaliación inicial, e constatadas as dificultades amosadas por algúns alum@s, vou tomar as medidas seguintes:

- ✓ Os agrupamentos flexibles. E o traballo colaborativo.
- ✓ A realización de apoios, dentro e fora da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe e a compensación e recuperación traballando coa mestra de AL e da PT para tal fin.
- ✓ Traballo individualizado coa mestra en tempos específicos .

***Medidas previstas para estimular o interese e o hábito da lectura e da mellora da expresión escrita e oral*__________________________**

Un dos eixes da educación durante a aplicación e desenvolvemento da actual lexislación é o fomento da lectura. Para iso teño prevista actividades diarias , semanais ou trimestrais que fomenten dito interés:

.- Realización do block dos contos cada semana. No que traballaremos a expresión oral , escrita e gráfica.

.- Lecturas na aula por trimestre de xeito colectivo.

.- Actividades de busca de información dos temas que nos ocupen nas distintas actividades a realizar na aula e do proxecto de reciclaxe e do camiño de Santiago que estamos a desenvolver dende biblioteca.

.- Fomento do uso da biblioteca como espazo de lecer, sendo como son membro do equipo da biblioteca estamos inmersos nunha serie de actividades neste senso vehiculizadas a través de Tololeo a nosa mascota e a súa pandilla de amigos. Un día á semana asisten a biblioteca a realizar actividades que ademáis da lectura poden versar a partir da mesa de luz, os escornabots , o croma ou a radio no cole.

.- Motivalos na invención e creación dos seus propios conto s .. Ben de xeito oral ou escrito.

.- Realización de carteis, murais, uso das TICS.

.- XogoS lingüísticos como adiviñas, rimas e trabalinguas.Dramatizacións, canciónS

***Materiais e recursos***______________________________________________

- Uso das TIC de maneira habitual. ( Pizarra dixital, blog de aula)
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos e animacións.
- Utlizacion dos moitos recursos que nos ofrece a biblioteca escolar ( croma, mesa de luz, escornabots, lecturas , impresora 3d ou radio)
- Materiais e recursos manipulativos sobre todo nas áreas de matemáticas e ciencias., establecendo recunchos na aula.

***Actividades extraescolares e complementarias***____________________

Estas actividades forman parte do Plan Xeral Anual de Centro e son xestionadas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Organízanse actividades extraescolares apropiadas ós intereses dos alumnos/as do nivel , que lles permitan estudar e coñecer as costumes e o entorno cultural , social e natural.

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividadesordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Neste ano coidamos poidamos empezar a facer saídas relacionadas sobretodo co proxecto do Camiño de Santiago partindo nun principio de lugares preto de nós e respectando sempre a organización do grupo burbulla.

Proposta de actividades complementarias:

No primeiro trimestre: O día das bibliotecas, o samaín, o magosto, o día dos dereitos da infancia , o dia contra a violencia de xénero , saídas dentro do proxecto do camiño de santiago aos arredores como simulación do camiño e o Nadal…

No segundo trimestre, o día da paz, día de Rosalía, o entroido, o día da muller traballadora , semana da poesía e o teatro e o día do pai.. e unha vez máis saídas ao noso entorno programadas dentro do proxecto do camiño de Santiago.

No terceiro trimestre, o día da nai, o día do libro, medio ambiente, o día das letras galegas , saída excursión a Santiago se as circunstancias o permiten e festival de fin de curso.

Ao longo do ano poderán xurdir actividades a engadir que serán consensuadas por todo o claustro e notificadas ao consello escolar se fora preciso.

Ademais participaremos nos concursos que consideremos por parte do equipo docente de interese para os alumn@s, sobretodo naqueles que fomenten unha mellora na expresión e comprensión tanto oral como escrita e no fomento dunha actitude emprendedora e de traballo en equipo.

## 7.-OBXECTIVOS ,CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE .

### ***A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA***

A lingua é un instrumento necesario na vida diaria , tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos tanto orais como escritos . Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal ,que poidan interactuar. A lingua está presente en todo o proceso de ensino- aprendizaxe. Na era da internet e da abundancia de medios de comunicación , os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe, nos soportes nos que se desenvolven.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área, é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico.

**Bloques de contidos**

Os contidos aparecen repartidos en bloques entre os cales debe haber múltiples conexións.

▪**O Bloque 1 Comunicación oral : falar e escoitar .** Recolle diversas aspectos da lingua oral e as normas que rexen o intercambio comunicativo

▪**O bloque 2 . Comunicación escrita : ler . R**ecolle diversas aspectos da comprensión escrita. Dominar a descodificación do texto e achegarse a unha progresiva regularización de estratexias que permiten operar cos significados do texto, establecendo relacións entre coñecementos previos e información nova.

▪**O bloque 3. Comunicación escrita : escribir,** potencia o uso persoal , autónomo e creativo da linguaxe escrita. Neste curso intentarei consolidar o dominio de técnicas gráficas , a relación son –grafía, as normas ortográficas convencionais básicas, e a disposicións das oracións**.**

▪**O Bloque 4, Coñecemento da lingua,** integra contidos relacionados co código e coa súa organización , e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o uso correcto da lingua. Os contidos estructúranse ao redor de catro eixes: A observación da palabra e os seus usos e os seus valores significativos e expresivos. As relacións gramaticais que se establecen entre as palabras e os grupos de palabras dentro dun pequeno texto, o terceiro afonda nos elementos que participan naconfeccción dun discurso correcto, e o cuarto céntrase na valoración e coñecemento da lingua galega dentro do contexto plurilingëe no que estamos inmersos**.**

▪**Obloque 5 . A educación literaria.** Trátase de facer dos alumnos e alumnas lectores competentes , implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo da súa vida.

Dentro da ***metodoloxía*** a utilizar para enfocar esta área :

- Relacionar as actividades de aprendizaxe coa vida do alumnado.
- Fomentar o esforzo , así como actitudes de confianza na propia persoa, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe,
- Realizar traballos e presentacións, en pequeno equipo, que supoñan a elaboración dun produto significativo ..
- Avaliar as prácticas orais dos demais, co obxectivo de facer explícitas as carencias e o progreso do alumnado e de que este, á súa vez, sexa capaz de recoñecer as súas dificultades para melloralas.
- Integrar as tecnoloxías na aula para analizar discursos e debates audiovisuais e avaliar discursos propios e alleos gravados e proxectados.
- Os agrupamentos deben ser flexibles e adaptados á tarefa que se vai realizar. Débese valorar o traballo en grupo, xerando actitudes de cooperación e responsabilidade asumindo cada membro o rol correspondente dentro do grupo, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas.
- Crear un recuncho de comprensión lectora (cómics, revistas divulgativas, obras de ficción de temas variados, etc.) que poidan ser usados polos alumnos que finalizasen as tarefas asignadas a modo de actividade de ocio.

## Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para Lingua Galega e Literatura 1.º EP

### *BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR*

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
|---|---|---|
| B1.1. Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil. | B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. |
| B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes. | B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes. | LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido. |
| B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo). | B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. |
| | | LGB1.3.2. Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre organización do traballo. |
| | | LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. |
| | | LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo. |
| B1.4. Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas. | B1.4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos e das demais. | LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper. |
| | | LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás. |
| B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita). | B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. |
| | | LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. |
| | | LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. |
| | | LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. |
| | | LGB1.5.5. Mantén o tema nun |

| | | |
|---|---|---|
| | | intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita. |
| | | LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. |
| B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. | B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. |
| B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo. | LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. |
| B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. |
| B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. | B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. | LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. |
| | | LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. |
| B1.10.Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación… |
| | | LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. |

**BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
|---|---|---|
| B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. |

| | | |
|---|---|---|
| B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.<br><br>B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). | | LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.<br><br>LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). |
| B2.4. Interpretación da información das ilustracións. | B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedentede ilustracións. | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións. |
| B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividadee autonomía lectoras. | LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.<br><br>LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. |
| B2.6. Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento. | LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.<br><br>LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoos ao seu sitio logo de lelos. |
| B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal. | B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | LGB2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. |
| B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. | B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. |
| B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das | B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias |

| | | |
|---|---|---|
| preferencias persoais. | | lectoras. |
| | | LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. |

**BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
|---|---|---|
O **bloque 4: materia e enerxía**, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.

O **bloque 5: a tecnoloxía, aparellos e máquinas**, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

**Orientacións metodolóxicas**_______________________

- Iniciar os alumnos no uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, para buscar información e para tratala e presentala, así como para realizar

simulacións interactivas e representar fenómenos de difícil realización experimental.

- Promover a curiosidade, o interese e o respectocara a si mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias experimentais e o seu carácter social, e a adopción dunha actitude de colaboración no traballo en grupo.
- Fomentar a participación eficaz e constante do alumno, de modo que aprendan a medida que van facendo, sendo especialmente importante a observación dos seres e procesos naturais "invivo", e a experimentación mediante a realización de diversas e sinxelas experiencias.
- Incluír prácticas orais, na actividade cotiá da aula sobre os contidos que o mestre seleccione (proles e contras da reciclaxe dos envases, as enerxías renovables, a contaminación, as especies en extinción, etc.).
- Observar, identificar e analizar problemas utilizando a recollida, organización e tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións, e a utilización de fontes de información, incluíndo na medida do posible as proporcionadas por medios tecnolóxicos e a comunicación dos resultados obtidos.
- Realizar tarefas manipulativas en que, mediante o uso de técnicas plásticas, se poidan consolidar as aprendizaxes propias da área (modelaxe con arxila, plastilina, etc.).

**Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe para Ciencias da Natureza**

**BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| B1.1. Iniciación á actividade científica.<br><br>B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.<br><br>B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br><br>B1.4. Elaboración guiada de , murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. | B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. |
| | | CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| B1.5. O traballo cooperativo.<br><br>B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas | B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as | CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o |

| | | |
|---|---|---|
| de traballo intelectual.<br><br>B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. | normas de convivencia. | material e as normas de convivencia. |

**BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE**

| **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** |
|---|---|---|
| B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos.<br><br>B2.2. Comparación con outros seres vivos.<br><br>B2.3. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas.<br><br>B2.4. Identificación das partes do corpo humano.<br><br>B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos. | B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.<br><br>CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.<br><br>CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. |
| B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer. | B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.<br><br>CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. |
| B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios.<br><br>B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria. | B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. | CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. |

**BLOQUE 3: OS SERES VIVOS**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais.<br><br>B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio. | B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. |
| | | CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. |
| | | CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. |
| B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno.<br><br>B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes.<br><br>B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno. | B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes. | CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes. |

**BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.<br><br>B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá<br><br>B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo. | B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola. | CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. |
| | | CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola. |
| B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade. | B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. | CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. |

**BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|
| B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.<br><br>B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoira, espremedor etc.)<br><br>B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. | B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilizalos con seguridade evitando estereotipos sexistas. | CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. |
| | | CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. |
| B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.<br><br>B5.5 Coidado dos recursos informáticos. | B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. | CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. |
| | | CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. |

**Perfil competencial________________________**

**BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | C CL | C SC | C AA | C D | C CEC | CMCCT | CSI EE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. | X | | X | X | X | X | X |
| CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | | | X | | | X | X |
| CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. | | X | X | | | X | X |
| **TOTAL** | **1** | **1** | **3** | **1** | **1** | **3** | **3** |

**BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC L | CSC | C AA | C D | CCEC | CM CCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | | X | | | | X | |
| CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. | | X | | | | X | |
| CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. | X | X | | | | X | |
| CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. | | X | | | | X | |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CCL | CSC | CAA | CD | CCEC | CMCCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. | | X | | | | X | |
| CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. | | | | | | X | X |
| TOTAL | 1 | 5 | | | | 6 | 1 |

**BLOQUE 3: OS SERES VIVOS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CCL | CSC | CAA | CD | CCEC | CMCCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. | X | | | | | X | |
| CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. | X | | | | | X | |
| CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | X | | | | | X | |
| CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes. | X | | X | X | | X | X |
| TOTAL | 4 | | 1 | 1 | | 4 | 1 |

**BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CCL | CSC | CAA | CD | CCEC | CMCCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. | | X | | | | X | X |
| CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola. | | X | | | | X | |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CCL | CSC | CAA | CD | CCEC | CMCCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. | | | | | | X | |
| TOTAL | | 1 | | | | 3 | 1 |

**BLOQUE 5: TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CCL | CSC | CAA | CD | CCEC | CMCCT | CSIEE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. | X | X | | | | X | |
| CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. | | X | | | | X | X |
| CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. | X | | | X | | X | |
| CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. | | | | X | | X | |
| TOTAL | 2 | 2 | | 2 | | 4 | 1 |

## 8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

A **avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado** será contínua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.Os Mestres/as e máis eu como titora, recolleremos información de maneira permanente acerca do proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos, para adoptar as decisións pertinentes acerca

das técnicas e instrumentos de avaliación que consideren mais adecuados, e formular os xuízos oportunos acerca da súa aprendizaxe .

Cunha periodicidade trimestral, eu como titora elaborarei un informe de avaliación individualizado de cada alumn@ para informar aos pais ou titores legais da situación do alumn@ no momento en que se emite o informe, respecto a consecución dos obxectivos establecidos e dos progresos e dificultades que se encontra ao respecto. Non obstante maneterei de xeito continuado comunciacións das mesmas para tratar de solventar as dificultades que se vaian presentando.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

**PROMOCIÓN**

Accederase ao curso seguinte sempre que se considere que o alumn@ alcanza o desenvolvemento correspondente das competencias. Promocionará, ase mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridas non lle impidan seguir cun aproveitamento no curso posterior. Neste caso, aplicaranse as medidas de apoio educativo necesarias para alcanzar ditas aprendizaxes. Cando non se cumpran as condicións sinaladas, o alumn@ permanecerá un ano mais no mesmo. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria, debendo eu como mestra titora deseñar un plan de recuperación dos aprendizaxes non adquiridos co fin de favorecer o desenvolvemento das competencias.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** ___________________

Os instrumentos para avaliar que vou utilizar serán:

**Probas escritas:**Exames,ditados ,controis diarios ,fichas de repaso.
**Probas lectoras:** trazamos unha proba na que o neno ten que ler unha frase e/o texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso. Lecturas compartidas , voz baixa ,lectura en voz alta e Lectura cooperativa.
**Probas orais:** como Exposicións , Dramatizacións ,Presentacións, ,Contacontos, Faladoiros, Debates .
**Tarefas finais (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma. Debates ,Dramatizacións ,Contacontos , Investigacións ,Construción de máquinas simples.
**Caderno de aula:** recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.
**Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables

**CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

**Os criterios de calificación nas áreas serán os seguintes:**

<table>
<tr><td>Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas unidade didácticas</td><td rowspan="2">70%</td><td>• Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre<br>• Rúbricas de avaliación (q serán elaboradas  por unidade)</td></tr>
<tr><td>Realización do traballo na aula:<br>• Realización adecuada do traballo<br>• Organización dos materiais<br>• Presentacións do cadernos</td><td>• Caderno<br>• Rexistro de actividades da clase<br>• Rexistro de organización de materiais<br>• Rexistro de presentación e organización do seu traballo.</td></tr>
<tr><td>Realización do traballo na casa:<br>Deberes e traballos específicos</td><td>10%</td><td>• Rexistro de entrega de deberes no tempo<br>• Puntuación de corrección dos deberes<br>• Elaboración e presentación dos mesmos</td></tr>
<tr><td>Valoración de actitudes na aula:<br>• Escoita<br>• Participación<br>• Esforzo<br>• Colaboración<br>• Normas</td><td>20%</td><td>Rexistro de participación<br>• Rexistro de actitude na aula<br>• Rexistro da valoración dos compañeiros (caderno de equipo)<br>• Seguimento co sistema de panel de puntos</td></tr>
</table>

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Do alumnado de 1º de primaria son:

✓ **Promocionarán** todos os alumnos/as que sexan avaliados positivamente en todas as áreas, tamén promocionarán aqueles alumnos/as que, aínda que foran avaliados negativamente nalgunha das Áreas, se considere que, en termos globais, acadaron os obxectivos educativos de nivel e mostraron un nivel de desenvolvemento e de adquisición das capacidades xerais básicas que lle vai permitir continuar o seu proceso de aprendizaxe no seguinte nivel.

- ✓ **Non Promocionarán** aqueles alumnos/as que ó rematar 1º de primaria, fosen avaliados negativamente nas Áreas fundamentais de Linguas e Matemáticas, por non acadar os **estándares de aprendizaxe mínimos.**

Ademáis téñense en conta os seguintes criterios para toda a primaria**:**
Antes de que un alumno/a repita nivel tomaranse outras medidas extraordinarias como: apoio por profesor de PT e Adaptacións Curriculares.
Terase en conta o ámbito de socialización, a interacción no grupo , e os medios e condicións que reúne o centro á hora de decidir a promoción ou non promoción do alumno/a.

O proceso de avaliación non acaba no alumnado , a práctica docente tamén debe de ser avaliada, no último punto fago referencia á dita avaliación.

## 9.-ACCIONS QUE CONTRIBÚEN AO PROXECTO LECTOR

Na Educación Primaria o obxectivo é desenvolver o gusto pola lectura facendo de ela unha rutina diaria na que encontren tempo de lecer e pracer.
Como accións máis importantes nesta etapa:
- Adicar un tempo de lectura común para todo o Centro para conseguir un progresivo gusto pola lectura.
- Adicar un tempo de ao menos 15 minutos a lectura colectiva por turnos en voz alta e á lectura individual , sendo neste caso importante pois comezamos o proceso da lectura.
- Realizar diariamente actividades que fomenten a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- Participar activamente nas actividades propostas polo Equipo de Biblioteca, e a través da súa mascota Tololeo.

.- Promocionar actividades coas familias que axuden a dinamizar o proceso lector.

## 10.- ACCIÓNS DE CONTRIBUEN AO PLAN TIC

Traballaremos na aula de informática, ou na propia aula cos recursos dos que dispomos.

- Búsqueda de información.
- Procesador de textos
- Actividades na smartboard
- Información sobre la biblioteca do Centro. A visita do blog con periodicidade por parte do alumnado, tanto de aula como de biblioteca
- Traballo na mesa de luz sobre contidos de todas as áreas.
- Actividades de lectura,escritura e cálculo.

Ademais fomentaremos o uso do ordenador na aula e do proxector como ferramenta fundamental en cada unha das áreas, permitindo e favorecendo o uso individual responsable por parte dos alumnos baixo a miña supervisión.

Colaboraremos tamén na realización de gravacións, fotografías e montaxes de videos sobre as actividades que realicemos para subir ao blog da biblioteca do colexio.

## 11.- ACCIÓNS QUE CONTRIBÚEN AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PLAN DE IGUALDADE.

Tal como se recolle no Plan de Convivencia as accións son:

- **Actuacións preventivas**. Pois a través da observación do meu alumnado terei que constatar as dificultades que poidan xurdir dentro do grupo clase e intentar reconducilas dun xeito positivo , facendo fincapé na personalidade diferente de cada un e no respecto a todos por igual.
- **Actividades para a integración e participación do alumnado**. Constatando aquelas diferencias que poida observar dentro do grupo .
- **Actividades que favorezan a relación de familia e centro** e potenciando as reunión tanto informais como formais para manter unha actitude positiva cara a aprendizaxe dos meus alumnos.
- Actividades de sensibilización fronte o acoso, no caso de producirse.
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade de homes e mulleres., evitando estereotipos .
- Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente dos distintos equipos docentes e a orientadora.
- Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de Novo ingreso.
- Actuacions específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de outro tipo.
- Activividades nas que se traballen as emocións ,a súa verbalización e identificación

Ao longo de todo o curso promoverase unha actitude dialogante na aula , promovendo as conversas entre todos cando suceda algún incidente entre eles ou con outros membros do colexio.

Así mesmo promoverase unha convivencia en harmonía e o uso das normas establecidas polo centro e dentro da aula.

Algúns dos obxectivos concretos para traballar dentro da miña aula:

- Repartir equitativamente as responsabilidades de aula entre o alumnado .
- Fomentar o uso igualitario dos espazos favorecendo a integraciónde todos en todos .
- Traballar as emocións para canalizar as condutas inadecuadas entre o meu alumnado
- Concienciar do problema da violencia de xénero ,tanto física como psíquica.
- Favorecer o recoñecemento dos sentimentos e da súa verbalización, favorecendo o diálogo .
- Estar alerta ante posibles actitudes sexistas e tratar de reconducilas.
- Crear equipos de traballo hereroxéneos.
- Aprender a respectar os sentimentos dos iguais.

- Educar no respecto á diversidade sexual , familiar e de identidade de xénero.

## 12. ORIENTACIÓN EDUCATIVA E A FUNCIÓN TITORIAL

A orientación educativa como proceso dinámico integrado na actividade educativa, debe estar presente en todas as actividades do centro. O profesor/a non pode prescindir das características psicolóxicas, familiares e sociais do alumno, dos seus intereses, necesidades, da relación que establece cos seus alumnos...
Dita orientación ha de estar organizadade forma sistemática ao longo do sistema educativo. Iníciase ao principio do proceso escolar e non se interrompe ata terminar o neno a súa formación.
Os orientadores son os profesionais máis adecuados para coñecer a visión personalizadora do alumno en canto a gustos e inquietudes. Para o bo funcionamento da orientación debe haber unha fluída relación entre os profesores/as do curso, o titor/a e o Departamento de Orientación do centro.

O conxunto de actividades, intervencións e programas que comprende a orientación agrúpase en tres eixos ou funcións básicas:

**A acción orientadora.**
Os tres momentos de intervención son: ao comezo da etapa educativa, ao final da etapa e ao longo do proceso educativo. Ten un carácter fundamentalmente preventivo.
**A acción de apoio.**
Comprende a actividade realizada polos profesores especialistas en problemas de aprendizaxe, e polos logopedas,así como por algúns profesores de primaria, dirixida a algúns alumnos de forma directa e a través do titor/a ou profesor/a. Pódese concretar en actividades de recuperación ou de reeducación das aprendizaxes dalgúns alumnos; na preparación de materiais ou instrumentos para as actividades de ensino; e na colaboración no proceso de avaliación a través de técnicas especializadas, así como nas adaptacións curriculares dos alumnos. Ten un carácter compensador.
**A acción de asesoramento.**
Comprende a actividade realizada polo orientador/a e, ás veces, por outros especialistas cos órganos colexiados do centro, o profesorado e as familias. Esta actividade pode estar fixada no seu traballo habitual ou ben cando se lle solicita.
Ademais, nesta área intégrase o programa de titorías para Primaria, dirixido ao alumnado, ao profesorado e aos pais e nais, baseado nos seguintes obxectivos:
***Orientación persoal***:

- Potenciar o autoconcepto e a capacidade de crítica, coñecer e atender problemas en estreita colaboración coas familias... Orientación interpersoal:
- Fomentar as relacións, as dinámicas de grupo e o traballo en equipo tanto de alumnos como de familias, promover contactos entre o equipo educativo e o grupo de pais e nais...

***Orientación académica***:
Informar a pais e nais da programación do curso, obxectivos xerais..., ofrecer técnicas de aprendizaxe, integrar o grupo no proceso de avaliación...todo iso lévase a cabo na reunión xeral ao comezo  de curso e en cantas  outras reunión individuais ou grupais se estimen convenientes.

**FUNCIÓNS COMO TITORA________________________________**

- -Facilitar a integración dos alumnos e alumnas no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar.
- -Contribuír á personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- -Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades especiais, ao obxecto de articular as respostas educativas adecuadas e solicitar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.
- -Coordinar a información sobre os alumnos que teñen os distintos profesores, coordinar o proceso avaliador dos alumnos e asesorar sobre a súa promoción.
- -Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas no seu contorno sociocultural e natural.
- -Favorecer no alumno o coñecemento e aceptación de si mesmo, así como a confianza nun mesmo, cando esta se vexa diminuída por fracasos escolares ou doutro xénero.
- -Coordinar cos demais profesores o axuste das programacións ao grupo de alumnos, especialmente no referente ás respostas educativas ante necesidades especiais e/ou de apoio.
- -Contribuír a desenvolver liñas comúns de acción cos demais titores no marco do Proxecto Educativo do Centro.
- -Contribuír ao establecemento de relacións fluídas cos pais e nais, que faciliten a conexión entre o centro e as familias.
- -Implicar as familias en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- -Informar as familias de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.
- Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflito entre alumnos e profesores e informar debidamente as familias.
- Canalizar a participación daquelas entidades públicas ou privadas que colaboran nos procesos de escolarización e de atención educativa a aqueles alumnos que proceden de contextos sociais ou culturais marxinados.

**ACTIVIDADES TITORIAIS_____________________________**

- Ter entrevistas individuais con alumnos cando estes o necesiten.
- Organizar actividades de «acollida» a principio de curso para os alumnos que chegan ao centro por primeira vez.
- Falar a principio de curso co alumnado sobre os seus dereitos e deberes, sobre as normas de réxime interior e disciplina do centro, e informarlles tamén sobre o funcionamento deste.
- Explicarlles as funcións e tarefas que el mesmo ten como profesor titor do grupo, dándolles a oportunidade de participar na poposta e programación de actividades.

- Analizar co resto do profesorado as dificultades escolares dos alumnos debidas a deficiencias instrumentais, problemas de integración e outros, e buscar, se procede, os asesoramentos e apoios necesarios.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro e no contorno: elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares, etc.
- Realizar actividades que mostren á comunidade a diversidade existente desde un punto de vista social, cultural e étnico, e que resalten a importancia de integrar a todos sen excepción na dinámica escolar.
- Concertar co equipo educativo un plan de acción titorial para todo o curso, tratando de precisar o grao e modo de implicación do profesorado e tamén os aspectos que de forma específica e prioritaria atenderá o titor/a.
- Transmitir aos profesores todas aquelas informacións sobre o alumnado que poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- Preparar, coordinar e moderar as sesións de avaliación procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientadora que se ropugnan para todas as fases do proceso avaliador.
- Establecer canles de colaboración cos demais titores, especialmente cos do mesmo curso ou ciclo, á hora de marcar e revisar obxectivos, preparar actividades, elaborar materiais de apoio e coordinar o uso dos medios e recursos dispoñibles.
- Procurar a colaboración dos pais e nais en relación co traballo persoal dos seus fillos: organización do tempo de estudo en casa, lugar apropiado, necesidade de tempo libre e descanso, etc.
- Preparar visitas a empresas, servizos, lugares de lecer, etc., coa colaboración das familias.
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para os pais e as nais con miras á educación dos seus fillos.
- Ter entrevistas individuais cos pais e as nais, cando eles as soliciten ou o titor/a as considere necesarias, axudándolles a descargar a ansiedade ante os problemas escolares dos seus fillos e buscando unha valoración máis global e unha actitude máis activa e responsable ante a situación.
- Ter reunións coas familias ao longo do curso. Os momentos máis oportunos poden ser ao comezo e final de curso, pero tamén cara á metade do mesmo. Estas reunións servirán para intercambiar información e analizar con eles o proceso educativo dos seus fillos.

## 13.-AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Atenderá son os seguintes **criterios:**

a) Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.
b) Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.

c) Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos e alumnas, e entre os alumnos e alumnas e os profesores.

**Procedementos e instrumentos** para avalia-lo proceso de ensinanza:

- Intercambios orais: entrevistas individuais con pais, profesores do nivel, alumnos.
- Reunións de nivel para revisión da programación.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Valoración dos recursos e da metodoloxia posta en práctica e a súa posible reformulación se fose o caso.

**Para Avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valorarase aspectos tales como:**

- Os resultados das avaliacións e o porcentaxe do alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia alcanzado, vocabulario adquirido, destreza no uso de programas informáticos, uso da biblioteca...

●Adecuación dos obxectivos propostos para a adquisición dos contidos.
●Interés despertado nos alumnos/as durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
●Grao de uso das estratexias e materiais en relación ás características do alumnado e do centro.
● Programáronse as estratexias de reforzo e ampliación e introducíronse os mecanismos de correción axeitados.
●Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación en función dos obxectivos e contidos propostos.
●Tívose en conta a presencia da Educación en Valores.
●Organización axeitada das actividades extraescolares e complementarias, e repercusión no alumnado.

É quizais esta parte da programación a máis importante pois na medida que constatemos que non se están acadando os obxectivos previstos e o momento en que deberemos plantexarnos a reorientación da mesma . É o momento de facernos preguntas a nós mesmos como docentes preparados para reconducir o noso proceso de ensinanza, a nosa metodoloxía ,todo iso no marco dunha sociedade cambiante que require pola nosa parte unha adecuación e posta ao día.
Os medios para facelo témolos á nosa disposición, xa sexa a nivel centro, a nivel profesorado de apoio, a nivel de medidas de reforzó xa sexa dentro do currículo ou de xeito extraordinario, baixo a supervisión do equipo directivo e de orientación do centro.

**7. MEDIDAS ADOPTADAS NA AULA .PROTOCOLO . PREVISIÓN CARA A UN POSIBLE PECHE DE AULA PRESENCIAL.**

As medidas que se adoptan xa dende principio do curso , e que xa foron previstas no final do curso pasado son as seguintes.

**Para traballar e desenvolver a programación de curso 2021/22**

Posta en funcionamento dun Blog de aula de primero http://megarroxa.blogspot.com/, que a súa vez estará na aula virtual,no que se irán subindo todos os contidos e actividades , todo elo organizado en diferentes seccións, dende o principio deste curso . dito blog traballarase dende a aula mentres sigamos coa ensinanza presencial , para que os nenos e nenas de primeiro curso poidan ir acostumándose a traballar , relacionar, buscar nel autonomamente. A intención é que,se fora o caso, sería a través deste blog o traballo no caso de confinamento total ou parcial.

Dende o punto de vista pedagóxico ,e como se establece nas orientacións establecidas pola consellería para o uso da aula virtual,( *non obligatoria para os nenos de infantil ata segundo de primaria)*, non considero pertinente traballar directamente coa mesma pois o blog de aula, á que os nenos e nenas xa están acostumbrados é suficiente canle tendo en conta a súa autonomía e disponibilidade.

O alumnado da miña aula conta case todo coa conexión a internet, e de ser o caso necesario tentarase por todos os medios facilitarlles o acceso como xa se fixo no período anterior.

No caso de aparición dalgún caso dentro da aula confirmado por PCR procederase ao illamento dos nenos e nenas que están ao seu arredor e poranse en marcha as medidas para a ensinanza on line co alumnado confinado. Para iso está contemplado un horario espello para levar a cabo de ser necesario.

No caso de un posible confinamento parcial ou total a avaliación varía as súas porcentaxes quedando da seguinte maneira.

| **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN** | **VALORACIÓN EN PORCENTAXES** | **INSTRUMENTOS UTILIZADOS** |
|---|---|---|
| Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou levadas a cabo na unidade. | 25% | • Realización de probas escritas ao finalizar cada unidade e ao final o trimestre.<br>• Rúbricas de avaliación |
| Realización de traballo de aula pero que se realizará na casa e se enviará ao mestre para o seu mellor seguimento de xeito semanal:<br>• Realización axeitada do traballo.<br>• Organización dos materiais. | 50% | • Caderno.<br>• Rexistro de actividades a realizar .<br>• Rexistro de organización de materiais |

| | | |
|---|---|---|
| • Presentación do caderno | | |
| Realización do traballo na casa :<br><br>deberes e traballos específicos | 10% | • Rexistro de entrega de deberes no tempo.<br>• Puntuación de corrección dos deberes. |
| Valoración de actitudes cara a súa aprendizaxe e a súa implicación ..<br>• Escoita.<br>• Participación.<br>• Esforzo.<br>• Colaboración. | 15% | • Rexistro de participación.<br>• Rexistro da actitude nas comunicacións coa titora.<br>• Rexistro da valoración dos compañeiros. |

Dita avaliación levarase a cabo do mesmo xeito mediante a revisión semanal do seu material e unha estreita comunicación diaria con todos e cada un dos alumn@s , ben a través do blog de aula, ben a través de videollamada ou telemáticamente a través de webex ou preferiblemente falemos.

As distintas probas de avaliación poderán ser a través de webex ou falemos e serán de xeito oral e escrito, no que e valorarán o acadado polo alumnado, e o tempo de realización do mesmo. Así mesmo a trave´s do blog de aula poderase facer o seguimento dos acadado polo alumnado.

**As comunicacións coas familias** establécense de xeito telefónico, polo enderezo electrónico e por whattsap preferiblemente, non obstante nalgúns casos considerei oportuno ter unha titoría presencial tomando todas as medidas hixiénico sanitarias pertinentes .De ser necesario por un posible confinamento, as reunións grupais ou semigrupais seguirán sendo por Webex ou falemos.

**A consecución do protocolo** e desinfección de mans dos nenos e nenas realizase á entrada no centro, e despois dentro da aula nos cambios de materia, no que se procede a ventilación durante dez minutos da aula . O persoal de limpeza procede tamén á mesma con regularidade. Priorízase a desinfección de mans con auga e xabón pero ás veces , ten que ser combinada coa utilización de xel hidroalcohólico.

Nos patios teñen lugar físico co grupo de convivencia estable de segundo de primaria, sendo en total 18 nenos e nenas que tamén comparten aseos e itinerarios de acceso ao comedor, aos patios e ás saídas, diferenciándose do resto do alumnado do colexio. No período do recreo teñen un espazo illado só para a clase de primeiro e este ano poden contar con material de xogo que só é da aula e que se desinfecta sempre despois do seu uso.

Dentro da aula mantense a distribución mantendo a distancia de seguridade entre eles e contando cada un cunha caixa que so manipulan eles, e nalgúns casos se é preciso a titora previa desinfección de mans. Nnalgunhas ocasións fanse grupos de traballo estables.

O alumnado que asi o elixe, leva a cabo a hixiene bucodental de dous en dous e nos aseos que tamén están separados quedando dos tres que hai , o do medio inutilizado.

Para ir ao aseo levan con eles un cartel plastificado que desinfectamos con frecuencia e que lles permite saber se poden ter acceso ao mesmo e que deben colgar na porta se estan usando para advertir aos outros compañeiros que deberán agardar a súa quenda.

As entradas e circulación polo centro sempre se leva a cabo en filas respectando a distancia de seguridade e mantendo os itinerarios establecidos para elo ( as frechas azuis )

Convén, resumindo , resaltar a intencionalidade de facilitar e guiar a aprendizaxe do alumnado e traballar conxuntamente coas familias para abordar todo canto aconteza ao longo do curso 2021/22 tanto sexa de maneira presencial como de xeito telemático.

---

Esta programación foi elaborada pola titora en colaboración cos especialistas que forman parte do equipo docente

Na Pobra de Trives a 27 de setembro de 2021